



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA
981 70 29 57
coruna@federaciongalegadecaza.com

FGC LUGO
982 25 49 96
lugo@federaciongalegadecaza.com



FGC OURENSE
988 22 16 20
ourense@federaciongalegadecaza.com

FGC PONTEVEDRA
986 85 23 00
pontevedra@federaciongalegadecaza.com

FGC SANTIAGO
981 56 27 77
federacion@federaciongalegadecaza.com



MUTUASPORT



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

XXXV Campeonato Galego

Laracha
(A Coruña)

de Cans de Rastro sobre Coello
Xunta de Galicia

26
setembro
2026



Federación Galega
de Caza



COMITÉ ORGANIZADOR

DON LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ

Presidente da Comisión Xestora da Federación Galega de Caza

DON JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR

Presidente Provincial da Federación Galega de Caza na Coruña

DON FERNANDO CALVIÑO RUMBO

Presidente da Sociedade de Caza e Pesca Venatoria Bergantiños

DIRECTOR DA PROBA

DON JOSÉ MONTOIRO GONZÁLEZ

Delegado de Rastro da Federación Galega de Caza

XURADO DE COMPETICIÓN

Formaranos os Presidentes das Federacións Provinciais de Caza, ou os representantes dos equipos provinciais, mailo director da competición.

XUÍCES

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC.

REGULAMENTO

O Campionato Galego de Cans de Rastro sobre Coello Xunta de Galicia rexerase polo vixente regulamento da FGC e pola actual Normativa de Competicións.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Segundo a vixente Normativa da FGC, participarán 11 equipos (3 por A Coruña, 3 por Lugo, 2 por Ourense e 3 por Pontevedra) mailo campión da edición anterior e 2 clasificados da Copa Galicia.

As inscricións realizaranse na Federación Galega de Caza mediante as actas dos correspondentes campionatos provinciais, ata o día 24 de setembro.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de quendas e dorsais será o día 23 de setembro, ás 12 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

PROGRAMA

DIA: 26 de setembro de 2026

LUGAR: A competición desenvolverase nos terrenos do Tecor C-10205 "Bergantiños Norte" da Sociedade de Caza e Pesca Venatoria Bergantiños-

HORARIOS:

- 08:00 h: – Concentración na Parrillada BUENOS AIRES, Buenos Aires, 7, 15145 Laracha
- 08:30 h: - Comezo da Competición.
- 14:30 h: - Clausura da Competición, e entrega de Premios

Para poder inscribirse e participar en calquera proba é obrigatorio tela documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade. As inscricións dos seleccionados provinciais realizarase mediante acta do Campionato Provincial. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC, os deportistas que participen en competicións nas que non se usen armas os participantes deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas equiparable ao Documento Único R.

O Comité Organizador resérvase o dereito a modificar o presente programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan